

Taxón	Hábitat	Descrición
<i>Evernia prunastri</i> (L.) Ach. 	Presente en <i>Morus alba</i> no campus. Unha especie moi común, cunha gran amplitude ecolóxica.	Talo fruticuloso, ± erecto. Lacinias ± cóncavas a planas, de 2-10 mm de ancho, de cor verde amarelento na parte superior e branca na cara inferior. Sorais laminares ou marxinais. Córtez K+ amarelo, C-, KC-, P-; Medula R-.
<i>Ramalina farinacea</i> (L.) Ach. 	Presente en varias árbores diferentes no campus. Unha especie común en moitas cortezas de troncos e ramas.	Talo fruticuloso, colgante, de ata 10 cm, de cor verde grisáceo a ± verde amarelento, polos dous lados das lacinias, que son planas, sólidas, de ata 3 mm de ancho. Sorais marxinais, abondosos e delimitados. P+ (vermello), K-.
<i>Ramalina canariensis</i> J. Steiner 	Presente en <i>Liriodendron tulipifera</i> na Illa das Esculturas.	Talo fruticuloso, de cor verde amarelento pálido, de 3-6 cm, medra dende unha suxeición estreita. Lacinias aplanadas, irregulares e ensanchadas dende a base, de 3-5 (-15) mm de ancho, laceracións puntiformes a lonxitudinais que desenvolven no seu interior os sorais.
<i>Teloschistes chrysophthalmus</i> (L.) Th. Fr. 	Presente nun <i>Prunus</i> sp na Illa das Esculturas. En zonas soleadas. Cosmopolita.	Talo fruticuloso de cor laranxa, de 1-2 cm Ø, formando matas. Lacinias estreitas, ± aplanadas, de ata 2 mm de ancho, que medran radialmente dende o centro. Apotecios nos extremos das lacinias. Talo K+ púrpura.
<i>Usnea</i> sp 	Presente en <i>Alnus glutinosa</i> no campus.	Talo fruticuloso pequeno. Xénero facilmente distinguible pero difícil a nivel específico. Caracterizado polas lacinias redondeadas.

Texto adaptado, procecente de: Calatayud Lorente, V. & Sanz Sánchez, M.J. (2000). *Guía de Líquenes Epífitos*. Valencia, Organismo Autónomo de Parques Nacionales.

Ilustracións: Antía Ares Carril